

O Concello inviste 1,9 millóns de euros en substituír todo o alumeado público

Instalará a numeración dixital en todo o municipio para facilitarles trámites á veciñanza

O Pleno de Boqueixón vén de aprobar a inversión de 1,875 millóns de euros en varios proxectos que beneficiarán á veciñanza do municipio. A primeira destas actuacións suporá a substitución de todas as luminarias do municipio a tecnoloxía LED, un proxecto que xa está en fase de contratación. A inversión ascende a 1,7 millóns de euros, dos cales o Concello achega algo máis de 250.000 euros e o restante corre a cargo do programa DUS 5000. O cambio de luminarias estará rematado no primeiro trimestre de 2024.

A segunda actuación será a numeración dixital global de Boqueixón, un proxecto cunha inversión de 72.519 euros financiado polo GDR Terras de Compostela e fondos propios do Concello. Isto permitirá a actualización das direccións catastrais e unha identificación precisa de cada vivenda ou parcela, facilitando dende a xestión de expedientes, a obtención de informes por administracións electrónica ou a indexación en portais como Google Maps ata que Correos non se equivoque ao entregar unha carta.

Finalmente, aprobouse comprar unha rozadora por 40.000€ e destinar algo máis de 65.000€ a mantemento de cunetas e mellora de pistas municipais.

A nova estrutura de Goberno

Ovidio Rodeiro Tato, alcalde. Áreas propias: Secretaría municipal, Asuntos protocolarios, Relacións institucionais, Relación coas comunidades residentes no exterior, promoción do Concello, Persoal, Ordenación urbanística e Expropiacións.



Manuel Fernández Munín, concelleiro de Servizos e Obras Públicas. Vivenda, Infraestruturas, Consumos e subministración eléctrica, revisión de contadores, transporte metropolitano, abastecemento e saneamento, Punto limpo, Servizo do lixo e Parcelarias.



José M. Iglesias Gómez, concelleiro de Facenda, Servizos Xerais, Mantemento e Limpeza. Xestión económica e tributaria. Control financeiro e orzamentario. Mantemento de vías e camiños, peches e obras menores, servizo de limpeza (viaria, beirarrúas e áreas recreativas), Mantemento de pistas forestais, rozas, limpeza de edificios públicos, Protección Civil, Seguridade Cidadá, Parques e xardíns, Protección ambiental e Defensa contra incendios.



José Luís Mareque Simón, concelleiro de Industria, Turismo e Desenvolvemento Local. Xestión dos parques empresariais, comercio, protección ao consumidor, feiras e promoción económica. Programas formativos e de desenvolvemento local, Promoción e dinamización turística, Patrimonio histórico e artístico, Desenvolvemento rural, Agricultura, Gandería e Montes, así como industrias derivadas destes sectores.



Gonzalo Redondo Rendo, concelleiro de Cultura, Educación e Novas Tecnoloxías. Promoción e programación cultural, políticas de educación, xestión dos locais socioculturais, implantación das novas tecnoloxías e dinamización tecnolóxica.



Ángela Conde Leis, concelleira de Servizos Sociais e Igualdade. Atención á 3ª idade, discapacidade e colectivos en risco de exclusión. Programas de dependencia e cobertura das necesidades sociais básicas, Igualdade social, coordinación do CIM e Igualdade de xénero.



Diego Esturao Rosende, concelleiro de Deportes. Programación e promoción deportiva, Xestión de infraestruturas deportivas e Coordinación das entidades deportivas do municipio.



Sonia Suárez Casal, concelleira de Participación Cidadá, Xuventude e Voluntariado. Xestión dos programas e políticas de xuventude e voluntariado xuvenil.



O Concello convoca axudas a entidades sen ánimo de lucro

O Concello de Boqueixón convocará este mes agosto as axudas para entidades sen ánimo de lucro deste ano 2023. Así, o Concello destinará 15.000 euros (cun máximo de 1.000 € por cada unha) para financiar a realización de actividades, inversión ou gastos correntes destas entidades.

A tramitación da subvención será integramente telemática a través da sede electrónica do Concello, polo que a documentación terá que vir dun único enderezo de correo electrónico e asinada dixitalmente polo/a presidente/a da asociación, que deberá ter o certificado dixital de representante da entidade.

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais a computar dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP. Máis información sobre prazos e documentación en www.boqueixon.gal.

A Xunta acomete a maior reforma no CPI desde a súa construción

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, visitou as obras que a Xunta está a acometer no CPI Antonio Orza Couto. Uns traballos que supoñen unha rehabilitación integral do colexio e unha inversión de 829.000 euros.

A obras inclúen os edificios de Educación Infantil, Primaria e o comedor. Por unha banda, vaise illar termicamente as fachadas dos tres edificios mediante sistema SATE, substituiranse as luminarias por equipos de alta eficiencia enerxética e colocaranse novos falsos teitos.

Ademais, no edificio de Primaria e no comedor cambiaranse as fiestras por outras de carpintería de aluminio e vidro dobre; instalarase unha cuberta de panel sándwich con illamento de 300 mm; substituiranse as baixantes e canalóns, e aplicaranse illamento do baixo cuberta.

Todas estas medidas combinadas suporán un aforro enerxético do 50% no edificio de Primaria e do 34% no de Infantil.



Premio Innovación Educativa

O CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto foi distinguido co Premio de Innovación Educativa da Xunta de Galicia polo seu proxecto Musigaliza-te. Un galardón polo que o centro boqueixanés recibirá 2.000 euros e o profesorado participantes levará unha certificación do premio.

CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
30-xul	06-ago	Codeso / Donas	Campo da festa
07-ago	20-ago	Oural - Pousada - Sucira	Campo da festa
21-ago	27-ago	Ledesma	Campo da festa
28-ago	03-set	A Granxa	Campo da festa
04-set	10-set	Sergude	Campo da festa de San Bieito

Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n.
15881 Boqueixón.
Web: www.boqueixon.es/com

Correo electrónico: concello@boqueixon.com
Redacción e maquetación: Nós Comunicación
Distribución gratuíta

Oficinas xerais: 981 51 30 61
Educación e Cultura: 981 51 31 15
Servicios Sociais / CIM: 981 51 30 06

Boqueixón suma tres servizos máis de transporte con Santiago

Tal e como solicitara o Concello de Boqueixón á Xunta de Galicia, a liña de autobús que conecta Lalín co Hospital de Conxo conta desde o pasado 24 de xullo con dúas novas paradas en Lestedo e na Gándara (Sergude) na N-525.

As paradas en Lestedo teñen lugar ás 7:24, 14:24 e 21:20 horas; mentres que as voltas do Hospital de Conxo saen das 8:15, 15:15 e 22:15 horas. Como estes autobuses paran tamén na estación intermodal, os veciños e veciñas de Boqueixón suman así tres servizos máis aos do transporte metropolitano para desprazárense a Compostela.

Conexións con Santiago

O Concello de Boqueixón lembra que para viaxar a Santiago continúan dispoñibles os autobuses Mombús na N-525



As novas paradas en Lestedo pasan ás 7:24, 14:24 e 21:20 horas

que se dirixen á estación intermodal e con parada en Lestedo ás 8:20, 10:10, 13:45, 15:35, 17:35 e 20:35 horas.

Pola súa banda, a empresa Lázara dispón, de luns a venres, os seguintes horarios de mañá con saída en Ponte Ledesma e paradas intermedias na AC-960: 7:25, 8:50, 9:45, 10:45 e 13:15 horas. En período non lectivo, esta

liña mantén as frecuencias das 9:45 e das 13:15 horas. Iso si, é preciso solicitálas chamando como máximo o día anterior ao teléfono 988 687 800.

Finalmente, a empresa Rías Baixas ofrece desde O Forte nos períodos lectivos os seguinte horarios: 7:30 horas (por Gastrar, Loureda e Vigo) e 7:40, 8:25, 10:30 e 11:00 (por Rodiño).

“Coidados porta a porta” estará no Forte do 28 ao 30 de agosto

O Concello informa de que unha unidade móbil do programa “Coidados porta a porta” visitará o municipio do 28 ao 30 de agosto para prestar unha serie de servizos gratuítos de audioloxía, podoloxía e estimulación da memoria a persoas maiores de 55 anos. Para participar só hai que solicitar cita chamando ao teléfono 622 748 283 ou a través do mail: coidadosportaaporta.politica-social@xunta.gal.

O trailer estará emprazado a carón do campo de fútbol do Forte. Esta será a terceira visita deste programa da Consellería de Política Social posto en marcha para achegar estes servizos asistenciais ás persoas do rural para previr a dependencia.




Fin de curso para os maiores de novas tecnoloxías e memoria

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, e o concelleiro de Cultura, Educación e Novas Tecnoloxías, Gonzalo Redondo, fixeron entrega dos diplomas dos cursos de novas tecnoloxía e memoria nos que participan cada ano os nosos maiores.



A mocidade de Boqueixón viaxa á Costa do Sol

Un grupo de 59 mozos e mozas de Boqueixón e Vedra participaron nunha viaxe á Costa do Sol, unha semana de actividades (praia, piscina, aquapark) e visitas (Sevilla, Málaga, Marbella e Porto Banús) desde a súa sede no albergue Inturjovent Torremolinos.



De Ninghures, Roibén e Raeira, na Noite Velada

O campo do río de Ponte Ledesma acollerá o venres 4 de agosto, ás 21:30 horas, unha nova edición da Noite Velada. Esta iniciativa, organizada polo Departamento de Turismo, pretende aunar a tradición e a cultura envolta coa imaxe dunha ponte histórica, que se alumeará coa luz das candeas e as teas. Este ano actuarán De Ninghures, Roibén e Raeira.

Boqueixón suma 1,2 novos quilómetros de aglomerado...

O Concello de Boqueixón vén de investir algo máis de 100.000 euros na creación de 1,2 novos quilómetros de aglomerado, neste caso na parroquia da Granxa. Esta renovada pista vai dende Ardilleiro Grande ata o cruce de Ardilleiro Pequeno, campo da festa e a súa ampliación cara Reboredo.



O Concello investiu 106.451 euros no aglomerado desta estrada na Granxa

...e outros 5 km de rego asfáltico



Actuouse en pistas de Boqueixón, Codeso, Pousada, Gastrar, Lamas e Sergude

O Concello de Boqueixón vén de rematar os regos asfálticos en máis de cinco quilómetros de pistas municipais nas parroquias de Boqueixón, Codeso, Pousada, Gastrar, Lamas e Sergude. Unhas obras de mellora da nosa rede viaria nas que se investiron algo máis de 120.000 euros e que continuarán no resto das parroquias ao longo deste verán.



O Concello traballa coa Xunta na posta en valor do Pico Sacro

O concelleiro de Facenda e Servizos Xerais, José Manuel Iglesias Gómez, mantivo unha reunión coa directora xeral de Patrimonio Cultural, María del Carmen Martínez Insua, para avanzar na posta en valor e protección do Pico Sacro.



O Concello estuda posibilidades para rehabilitar vivendas baleiras

O alcalde, Ovidio Rodeiro Tato, e o concelleiro de Servizos e Obras Públicas, Manuel Fernández Munín, reuníronse co director xeral de vivenda, Heriberto García Porto, para valorar as posibilidades de rehabilitación de vivendas baleiras en Boqueixón.



O voluntariado de “Visualizando Camiños” pon en valor as nosas rutas xacobeas

Os Concellos de Boqueixón e Vedra veñen de realizar o campo de voluntariado “Visualizando Camiños”, no que participaron nove rapaces e rapazas de distintos puntos de España e unha de México. Unha iniciativa que tivo lugar do 15 ao 26 de xullo e que permitiu recoller información e realizar unha campaña dinamizadora dos camiños de Santiago que atravesan ambos municipios: a Vía da Prata, o Miño Ribeiro e o Camiño de Inverno.

A rapazada estivo aloxada no centro de formación CFEA de Sergude e foi recibida polos alcaldes de Boqueixón e Vedra. Así mesmo, realizaron distintas actividades complementarias como visitas ao Pico Sacro e Ponte Ledesma, descenso do Ulla en piragua e mesmo aprender a elaborar as tradicionais filloas de Lestedo



A rapazada, de entre 18 e 30 anos de idade, recolleu información sobre o Camiño e desfrutou dos atractivos do noso municipio




Música tradicional no Programa de Prevención da Dependencia

As persoas maiores do Programa de Prevención da Dependencia, que organiza o Departamento de Servizos Sociais de Boqueixón, recibiron a visita do grupo Son de Gaita. Estes músicos e músicas de Sergude compartiron unhas pezas cos usuarios do Programa de Prevención da Dependencia e fixéronlles recordar vellos tempos.



Gran participación no “Descenso do Ulla en piragua”

Máis de setenta persoas participaron no “Descenso do Ulla en piragua”, unha actividade que organizan conxuntamente os Concellos de Boqueixón e Vedra. Os participantes percorreron o tramo do Ulla que separa Ponteledesma e Agronovo, e contaron coa presenza dos alcaldes de ambos municipios: Ovidio Rodeiro Tato (e Carlos Martínez Carrillo).



Todo listo para a Batalla de Ponte Ledesma

O Campo do Río da Ponte acollerá o domingo 6 de agosto, ás 20:00 horas, a recreación histórica da Batalla de Ponte Ledesma, organizada polo Concello e coa participación do actor Suso Martínez e o músico Manole de Felisa. Un acto posible grazas á colaboración da veciñanza de Ponte Ledesma e da súa contorna, así como da asociación Heroes de Casal do Eirixo (Valga).



Boqueixón en festas!



O verán é tempo de festa, pero tamén de recoñecer o traballo das comisións organizadoras. É o caso da novena edición do Son das Fervenzas, organizada pola Asociación Pena do Corvo de Codeso; da Comisión de Festas de Sucira coas celebracións de Santa Mariña; ou a Comisión de Festas da Igrexa e Deseiro de Arriba no San Beito de Sergude.

Convocada unha nova edición dos cursos de inglés

O Concello de Boqueixón abrirá do 18 de agosto ao 8 de setembro o prazo de inscrición nos cursos de inglés 2023/2024. As clases, que arrancarán en outubro no CPI Antonio Orza Couto, durarán ata xuño de 2024.

O curso está dirixido a alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria; así como mozos e mozas a partir de 16 anos (incluídos), grupos A2, B1 e B2.

Para máis información sobre bases, prezos e solicitudes consultar www.boqueixon.gal.



A AC Mestre Manuel Gacio celebra a fin de curso 2022/2023

A Casa da Cultura de Camporrapado acolleu a festa de fin de curso dos obradoiros de música e baile da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio, onde se puideron comprobar os avances de toda a rapazada ao longo deste curso 2022/2023.



Máis de 100 persoas na andaina do "Goza do Ulla" por Boqueixón

Máis dun cento de persoas participaron na segunda andaina do programa Goza do Ulla, no que participan os 20 municipios polos que discorre este río. Unha marcha que discorreu pola fermosa Ruta dos Pescadores, onde o Concello de Boqueixón vén de realizar traballos de mantemento e conservación para facilitar o seu desfrute durante todo o verán.



Diversión e conciliación no Verán Activo, Plan Corresponsables

Un cento de nenos e nenas, de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos, participan no Verán Activo Plan Corresponsables 2023, o programa lúdico e educativo posto en marcha polo Concello para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral nas vacacións escolares.

Un servizo que a día de hoxe disfrutan preto de cen familias do municipio. O programa Verán Activo continuará coas súas actividades durante os próximos meses.



Os Bolechas conquistan a Carballeira de Rodiño

Máis de 200 persoas encheron a Carballeira de Rodiño para desfrutaren do espectáculo "Os Bolechas deportistas xogan no tempo". A rapazada disfrutou das personaxes de Pepe Carreiro, que puxeron en valor a nosa lingua no ámbito deportivo. Unha iniciativa da Xunta dirixida a municipios que, como Boqueixón, forma parte da Rede de Dinamización Lingüística.



Tardes de sol, auga, maxia e teatro na piscina do Forte

As familias que disfrutaban das instalacións da piscina municipal puideron asistir a dous espectáculos programados polo Departamento de Cultura de Boqueixón. O primeiro foi "Novidades magnéticas", un show cheo de maxia e humor da man da Maga Fani. O segundo foi "The show Moscón", unha divertida sesión de teatro familiar.

CONCILIACIÓN CURSO 2023/2024

PLAN CORRESPONSABLES

MADRUGADORES E TARDES DE LECER

Madrugadores

Servizo de acollida, coitado e vixilancia antes do comezo das clases. O almuerzo será por conta propia ou no seu caso vir almorçados.

Tardes educativas e de lecer

Este programa ofrece dous servizos en espazos diferenciados para atender as necesidades escolares, segundo a demanda de cada familia dentro do horario solicitado despois das clases. Esta actividade é compatible cos cursos de inglés.

- **Acompañamento escolar:** os/as alumnos/as realizarán as tarefas escolares diarias con vixilancia e apoio de monitorado especializado e resolvendo as dúbidas en caso de necesitalo.
- **Recreando:** actividade lúdico-cultural cun amplo programa de actividades, obradoiros e xogos...

Dirixido a: rapazada de Infantil, Primaria e Secundaria empadroada no Concello de Boqueixón e alumnado matriculado nun centro educativo do municipio.

Duración: curso 2023 - 2024. No caso de existir maior número de solicitudes de participantes empadroados/as, adxudicaránse as prazas por sorteo.

Horarios:

Todos os días lectivos do ano no CPI Antonio Orza Couto, podendo elixir por frecuencia semanal ou días soltos.

• **Madrugadores:** De 07:30 a 09:00 horas.

• **Tardes Educativas e de Lecer:** De 15:30 a 18:30 h.

Os horarios de entrada e saída reflexaríanse na ficha de inscrición.

Inscricións:

• Realizaránse a finais do mes de agosto enviando a ficha de solicitude e a documentación, que se colgará

na páxina web municipal, a través da sede electrónica do Concello (solicitude xeral) ou presencialmente, por Rexistro.

• Unha vez finalizado o prazo, de quedar prazas vacantes, poderán ser cubertas por novas solicitudes rexistradas presencialmente no Concello ou a través da Sede Electrónica.

Pagamento:

• Con carácter bimestral e por domiciliación bancaria.

• Non se reintegrará ningún importe sen causa debidamente xustificada.

Baixas:

• Deberán presentarse antes do día 20 do mes anterior a través da sede electrónica ou presencialmente por Rexistro.

Consulta as bases en www.boqueixon.gal.

AXENDA DO MES DE AGOSTO

Venres
4

Noite Velada

Campo do Río de Ponte Ledesma. 21:30 h.
Actuacións de "De Ninghures" e dos grupos "Roibén" e "Raeira" da AC Mestre Manuel Gacio. Entrada libre.

Venres
18

Convocatoria dos cursos de inglés

Apertura do prazo de inscricións. Máis información en: www.boqueixon.gal

Martes
29

Coidados porta a porta

O Forte, a carón do campo de fútbol. Gratuito. Necesaria cita previa: 622 748 283 ou coidadosportaaporta.politicasocial.xunta.es

Domingo
6

Batalla de Ponte Ledesma

Campo do Río de Ponte Ledesma. 20:00 h.
Recreación da Batalla de Ponte Ledesma. Entrada libre e de balde.

Sábado
26

Baixas espeleolóxicas ás covas do Pico Sacro

As 9:30, 11:00, 12:00, 15:00, 16:00 e 17:30 horas
Inscricións en www.espeleologia.org/web/es/visitapicosacro

Mércores
30

Coidados porta a porta

O Forte, a carón do campo de fútbol. Gratuito. Necesaria cita previa: 622 748 283 ou coidadosportaaporta.politicasocial.xunta.es

Sábado
12

Baixas espeleolóxicas ás covas do Pico Sacro

As 9:30, 11:00, 12:00, 15:00, 16:00 e 17:30 horas
Inscricións en www.espeleologia.org/web/es/visitapicosacro

Luns
28

Coidados porta a porta

O Forte, a carón do campo de fútbol. Gratuito. Necesaria cita previa: 622 748 283 ou coidadosportaaporta.politicasocial.xunta.es

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 061
cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com